



Título: *Pensamentos impuros*
Autor: Xurxo Borrazás
Editorial: Xerais, Vigo, 2002
Núm. pp.: 223
Tamaño: 22 x 14,5

Confeso que me gustan os libros de escritor máis cós de narrador. Non desestimo estes; ó contrario creo que o conto é un produto xenuíno moi do país. Aquí o que non narra voa. E mesmo hai veces que penso que non soubemos exportar o noso potencial narratorio. Non soubemos vender a natural produción contística dun país nacido para os contos.

Pero aínda así devezo polo libro de escritor, e este de Xurxo Borrazás vía o vir. Víase desprender do anterior (*Na maleta*), xa el non moi disciplinado en asunto de convencións narrativas. Hai autores que se empreguizan á hora de adscribirse ós xéneros tradicionais porque prefiren crear o seu xénero. Non se atopan cómodos nos lindes de estruturas clásicas e optan por dárenlles ós seus libros unha tectónica propia. Hai que ter para iso conciencia de singularidade fronte á presión formalista e gregaria, e hai que ter tamén atrevemento, mesmo afouteza.

En *Pensamentos impuros* hai de todo. Menos receitas culinarias, como lle dixo un día Pere Gimferrer a un novicio: “O seu libro ten de todo. Só lle falta un pouco de cociña chinesa”. Aquí atopamos relatos, aforismos, feitura de columna periodística, diario (mellor, dietario), digresións..., nun enfiado ficcional que se polariza entre *Xurxo* e *Marta*, actancia narrativa andróxina (ou xinándrica), que resulta orixinal, pero forzada. Ó final non se consegue unha verdadeira dialéctica, porque o compoñente feminino é da costela masculina. O máis feminino son eses débitos morfémicos, politicamente coquetos, que non cesan nos nosos textos habituais.

No tocante á temática o primeiro que se nos insinúa (xa desde a portada) é o aproveitamento de fragmentos das “ciencias”, que puidesen ter rendemento anecdótico ou simbólico, coma o mundo dos insectos. O conto de Manuel Rivas, *A lingua das bolboretas*, reactivou o efecto entomolóxico no relato, xa ben coñecido nas series

narrativas, porque como dixo Maeterlinck, máis nos vale que vexamos nestes “desgraciados insectos ós precursores e prefiguradores dos nosos propios destinos”. Pero a visita dos térmites é breve. De contado toman preferencia outros contidos de máis cerna no libro: primeiro, digresións e sentencias sobre a literatura e o mundo literario, que se nos dan case sempre en forma de comprimidos á maneira do aforismo, unha forma moi esixente que pide enxeño, lecturas e estilo, de aí que sexa escasa a súa produción en calquera literatura. Borrazás ten talento para a brevería e consegue ser orixinal e perceptivo en varias ocasións: “Poética é a ética feita po”. “As artes plásticas contemporáneas caracterízanse polo abandono do cabalet. Na literatura debería acontecer outro tanto, pero queda moito vaqueiro remiso a baixar da burra” (p. 21). Non só se amosa fino cando fala de literatura, senón cando lles aplica o mesmo molde a outros contidos: “A expresión ‘deus mediante’ parece hoxe en día referirse ós medios” (p. 117). Noutras ocasións faise patente o

escaso peso cognitivo das digresións e a falta de cinguido verbal. É natural: en materia de agudeza non se pode ser “sublime sen interrupción”.

O rico debullado temático do libro faille un sitio ós materiais máis diversos, desde o hiperrealismo pictórico ata o tempo e a morte, pasando polo tópico das distopías e as tecnoloxías que perfeccionan a barbarie, sen demasiada disciplina de eliminación e peneira. Sóbralle a metade de impurezas a estes pensamentos. Non se debía escribir todo o que a un se lle ocorre nin publicar todo o que un escribe.

O que pasa é que a mesma calidade do estilo lexitima as impurezas e superfluidades da materia mercé a esa escritura seca, metálica, brunida máis ca brillante, humanizada polo humor e a intelixencia (que veñen sendo a mesma cousa).

Xosé Manuel G. Trigo
 Instituto de Ames
 Bertamiráns

